

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente de data 22 de xullo de 2024, e dentro do ámbito das súas funcións conforme á normativa reguladora, acordou a realización da *I Edición do Curso de especialización en Dereito Dixital e Intelixencia Artificial do Traballo e da Seguridade Social*, que se desenvolverá do 15 de outubro ao 20 de novembro 2024, na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións e compromisos aplicables á subvención que instrumenta o presente convenio entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña para a realización da *I Edición do Curso de especialización en Dereito Dixital e Intelixencia Artificial do Traballo e da Seguridade Social*

O Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña consideran necesario colaborar na realización dun curso de especialización en Dereito Dixital e Intelixencia Artificial do Traballo e Seguridade Social, por entenderen as dúas institucións que é de suma importancia abordar, sempre desde unha perspectiva especificamente iuslaboralista, o impacto da dixitalización no mundo do traballo e na súa regulación xurídica.

Tanto a intelixencia artificial como os algoritmos son ferramentas características dos tempos que estamos a vivir, instrumentos valiosos para calquera dos ámbitos sociais nos que nos desenvolvemos, e, polo tanto, tamén para o mundo das relacións laborais. En efecto, a circunstancia de que os algoritmos e a programación das intelixencias artificiais (IA) non sexan transparentes e que, por tanto, sexa complicado desentrañar os criterios empregados para o seu deseño, incrementa o risco para os dereitos das persoas traballadoras. Trátase de ferramentas coas que é posible aumentar a eficacia e a eficiencia empresarial dun xeito nunca antes visto, pero que, como contrapartida tamén se abren modalidades de recollida e tratamento de datos moi difíciles de controlar, polo tanto, a medida que os algoritmos e as intelixencias artificiais se converten nunha parte cada vez

máis integral do noso entorno, as normas deben evolucionar para adaptarse aos novos desafíos, riscos e oportunidades. Neste senso, acórdase que o CGRL debe centrar os seus esforzos en incentivar a regulación da protección das persoas traballadoras pola vía da negociación colectiva incorporando na mesma a definición, a implementación e o seguimento de canles de información que garantan a transparencia, e a análise do impacto que produce o seu uso. Asemade, convén sinalar a necesidade de que a negociación colectiva garanta a supervisión humana no uso dos algoritmos e da intelixencia artificial con impacto nas relacións laborais.

O curso diríxese ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.

Por estas razóns indicadas, acórdase a realización da I edición do Curso especialización en Dereito Dixital e Intelixencia Artificial do Traballo e Seguridade Social, co propósito de ofrecer formación especializada ao respecto. Este curso de 39 horas, que se desenvolverá do 15 de outubro de 2024 ao 20 de novembro do ano 2024 na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento desta *I Edición do Curso de especialización en Dereito Dixital e Intelixencia Artificial do Traballo e da Seguridade Social* mediante a subvención nominativa “Á Universidade da Coruña”, con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, recollida na aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.10, cunha dotación orzamentaria total de DEZAOITO MIL EUROS (18.000€), polo que está previsto crédito necesario e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

A Universidade da Coruña percibirá, previa xustificación nos termos recollidos no presente convenio, unha achega de ata DEZASETE MIL CATROCENTOS EUROS (17.400,00€), con cargo á citada aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.10. O Consello Galego de Relacións

Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos, sen que teña que ser adiantado, no momento de efectuar a matrícula por parte dos participantes propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade da Coruña unha vez rematado o prazo de matrícula.

Aplicación Orzamentaria: 13.B1.324A.444.10

Proxecto: 2020 00002

Importe: 18.000€

Modalidade de financiamento: Fondos propios libres (1010)

Conforme ao disposto na INSTRUCCIÓN Nº 3, do 21 de xuño de 2023, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto das mesmas, sinalase que a actuación descrita encádrase no Plan Estratéxico de Galicia na seguinte estrutura (para os efectos da emisión de informe ao que fai referencia o artigo 18 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro).

Eixo: E1

Prioridade de actuación: PA01

Obxectivo estratéxico/instrumental: E04

Obxectivo operativo: OO13

Así mesmo a operación descrita ten cabida dentro do seguinte indicador:

Indicador: P00342H – P00342M

Obxectivo que se pretender acadar: Coa sinatura do convenio desenvolverase 1 actuación formativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Cristina Fabeiro Varela